



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 2 de xuño de 2014

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 02/06/2014.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 02/06/2014.
- III. Normativa TFG modificada.
- IV. Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrió, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2014.

Envíase por correo electrónico uns días antes desta Xunta de Escola. Na páxina web do centro estaba xa publicada pendente de aprobación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 6 de marzo de 2014.

Unha vez aprobada será posta definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro.

2. Informe do Director.

O Director informa

- A Dirección reuniuse coa Unidade Técnica para tratar as intervencións solicitadas pola ETSE de Minas:
 1. Completar o tapizado de asento e respaldo das bancadas da aula M103. Amoblamento gradual do resto das aulas.
 2. Solucionar climatización en aulas, informouse do estudo dos vinilos postos na Aula M103.
 3. Realizar axustes da ventilación forzada en despachos.
 4. Reparar goteiras/humidades no centro.
 5. Reparar centralita de incendios.
 6. Acondicionar espazo aparcamento Telecomunicación e Minas.
 7. Amoblar almacén baixo biblioteca.
 8. Iluminar fachada.
 9. Acondicionar con lousa a baixada da zona despachos ao aparcamento.



10. Iluminar as saídas do vestíbulo de administración cara Telecomunicacións e baixada da zona de despachos ao aparcamento.
 11. Instalar enchufes na biblioteca de Industriais-Telecomunicacións-Minas.
 12. Solucionar a falta de protección fronte a vento/chuvia na parada de bus Minas-Industriais.
- Logo desa reunión completouse o tapizado de asento e respaldo das bancadas da aula M103 que xa se fixera na aula M211. A Dirección agradece a intervención levada a cabo pola Unidade Técnica.
 - Dentro das actuacións dirixidas ao proceso de certificación FIDES-AUDIT creáronse e actualizáronse novos apartados na web do centro: PÁXINAS PRINCIPAIS, ÁREAS E SERVIZOS ADMINISTRATIVOS, COORDINADORES, DIFUSIÓN, COMISIÓN SGIC, ACTAS DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MESTRADO DE ENXEÑARÍA DE MINAS, FORO TECNOLÓXICO DE EMPREGO, FIDES-AUDIT, TFM, GRADACIÓN 2014, etc. De todas estas actualizacións foi informada por correo electrónico a comunidade do centro. Activáronse tamén dous dominios (castelán/inglés) novos asociados á web do centro que directamente enlazan coas páxinas en castelán e inglés da páxina principal en galego que xa existían

<http://webs.uvigo.es/etsiminas/>

<http://webs.uvigo.es/hsmininge/>

- O 24 de Abril realizouse a visita do equipo auditor da certificación do SGIC do centro. No informe oral final o equipo auditor resaltou a implicación de todos os colectivos do centro en canto á mellora da calidade e a importancia que ten a páxina web do centro como fonte útil de información e reflexo do compromiso da comunidade do centro coa transparencia, salientable e relevante no referido á información pública e rendición de contas. Detectaron tres posibles non conformidades, pendente de analizar en detalle a información dispoñible na aplicación que ten a Universidade de Vigo para documentar os SGIC. Fixeron diversas recomendacións útiles que serán de aplicación cando se implanten de forma efectiva procedementos que afecten, por exemplo, ás prácticas, ós TFG, ... Remitirán o seu informe provisional xunto cos informes dos outros cinco centros de Universidade de Vigo que participan nesta primeira fase de certificación do SGIC. Este proceso de case catro meses foi coordinado na ETSEM pola profesora Natalia Caparrini Marín. A Dirección agradece o traballo realizado e o interese e compromiso de toda comunidade do centro neste proceso de mellora da calidade.
- Como xa se comunicou por correo electrónico en varias ocasións o prazo de realización das enquisas de avaliación da satisfacción das titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade de Vigo 2014 ampliouse ata o venres 6 de xuño de 2014. A participación nas enquisas da como resultado información útil e unha mostra do compromiso do alumnado e profesorado do centro cos procesos de calidade. Prégase a participación nas mesmas.



- A finais de Abril un total de trinta alumnos da ETSEM participou no *Cartel des Mines* na cidade francesa de Saint-Étienne xunto con outras dez escolas de Minas europeas: sete francesas (Alès, París, Saint-Étienne, Douai, Nancy, Albi-Carmaux e Nantes), a alemá de Bochum, a polaca de Kraków, e a de Oviedo. Independentemente da positiva experiencia que supón a participación neste evento o logro máis salientable nesta edición 2014 foi o ouro en fútbol masculino. A Dirección agradece as tarefas realizadas.
- Co obxectivo, entre outros, de ampliar a oferta de prácticas en empresas para o alumnado dos graos e mestrados do centro a Dirección reuniuse en A Coruña coa Responsable da nova Aula Repsol e o Vicerreitor de Transferencia e Investigación da UDC. Tamén a Dirección mantivo reunións por unha parte co Director da Asociación Galega de Áridos e por outra parte co Presidente e co Director da Cámara Oficial Mineira de Galicia.
- A Dirección solicitou á Área de Imaxe unha nova imaxe e logo para a ETSE de Minas máis representativos coas titulacións e denominación do centro. Cambiáronse as liñas diagonais anteriores por, coa fonte corporativa da universidade, as letras em: enerxía e minas, enerxéticos e mineiros, enxeñaría de minas, ...
- A Dirección recibiu o informe provisional de avaliación das solicitudes de modificacións de plan de estudos dos títulos de Grao do centro cun prazo para a Universidade de Vigo de dez días para a realización das modificacións e alegacións correspondentes e o envío á axencia de avaliación respectiva. Os coordinadores dos Graos, David Patiño Vilas e Carmen Pérez Pérez, completaron a realización dos documentos de resposta que foron aprobados en Comisión de Garantía Interna de Calidade o 19 de Maio. Pódese consultar esa documentación no Apartado de Documentación do SGIC da web do centro. A Dirección agradece o traballo realizado.

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=445,0,0,1,0,0>

- A Dirección recibiu o informe a solicitude de creación do título de Mestrado Universitario en Enxeñaría de Minas cun prazo para a Universidade de Vigo de vinte días para a realización das modificacións e alegacións correspondentes e envío á axencia de avaliación respectiva. A coordinadora do Mestrado, Elena Alonso Prieto, completou a realización dos documentos que foron aprobados na Comisión do Delegada da Xunta de Escola para a elaboración da proposta de Mestrado Universitario vinculado á profesión regulada de Enxeñeiro/a de Minas o 20 de Maio. O profesor Javier Taboada Castro coordinou a recopilación das cartas de apoio de empresas e asociacións involucrados na actividade profesional do Enxeñeiro/a de Minas. A coordinadora do Mestrado, Elena Alonso Prieto, dirixiu dúas charlas informativas (8 e 13 de Maio) para alumnado do centro e ao mesmo tempo creouse un novo apartado na web do centro coa información dispoñible a día de hoxe dos dez apartados da súa memoria (descrición, xustificación, obxectivos/competencias, acceso e admisión, ...). A información será



completada unha vez se reciba o informe final de ANECA. A Dirección agradece o traballo realizado.

- A Dirección recibiu os informes provisionais de avaliación do seguimento do curso 2012/13 realizado por ACSUG dos títulos de Grao do centro cunha resolución provisional de Conforme en ámbolos dous casos. A Dirección agradece á comunidade do centro a colaboración que presta para poder acadar estas cualificación que inflúen positivamente no futuro proceso de acreditación dos títulos. A resposta a ditos informes foi aprobada pola Comisión de Garantía Interna de Calidade o 29 de Maio e será tratada no último punto do orde do día da presente Xunta de Escola. A coordinación dos documentos finais foi levada a cabo pola profesora Natalia Caparrini Marín. A Dirección agradece o traballo realizado.
- Realizáronse probas para solucionar os periódicos problemas de conexión do equipo Polycom (agora descatálogo) da Sala de videoconferencia, identificando un posible problema na fonte de alimentación do equipo. O Subdirector David Patiño Vilas realizou as xestións para a posta en funcionamento correcta do equipo que confiamos que en breve volva a estar en condicións óptimas.
- No mes de Maio incorporáronse á ETSEM catro bolseiros para a realización de diversas accións de mellora e calidade na escola: Marcos González Bello, Natalia Cid Rodríguez, Jaime García Iglesias e Alexandre Casal Echevarría. Os dous primeiros con cargo aos presupostos da Universidade de Vigo (a Dirección agradece o financiamento) e os dous últimos con cargo aos presupostos da ETSEM.
- Celebrouse o congreso EUROCK2014 (Simposium Europeo de Mecánica de Rocas) organizado por un grupo de profesores da ETSE de Minas baixo a coordinación do profesor Leandro Alejano Monje, cunha moi alta participación e visibilidade nos medios. A Dirección agradece o traballo realizado.
- Enviáronse por correo as instrucións para facilitar a sinatura dixital das actas de cualificación das materias da E.T.S.E. de Minas. Lémbrese que a tramitación do Certificado Dixital pode realizarse no Negociado de Asuntos Xerais. A Dirección recomenda ao profesorado dita tramitación que facilita logo, en principio, a sinatura das actas.
- Solicitouse un curso de formación de procura activa de emprego á FUVI para alumnado de derradeiros cursos da escola. A impartición do mesmo, prevista para o 3 de Xuño, tivo que ser aprazada por enfermidade da poñente.
- O 10 de Maio celebrouse Xeolodía 2014 dedicado ao granito (patrimonio xeolóxico e motor económico) como protagonista. Ás catro paradas no entorno de Porriño asistiron unhas 200 persoas e estiveron guiadas por profesorado da ETSEM e do Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio, contando coa colaboración na



organización local, entre outros da SMG. A actividade de divulgación e difusión foi coordinada polos profesores José Bienvenido Diez, Natalia Caparrini Marín e Teresa Rivas Brea. A Dirección agradece as tarefas realizadas.

- Está prevista a realización do Acto de Gradación 2014 dos títulos de grao, mestrado e titulación a extinguir do centro para a tarde do Venres 11 de Xullo no Auditorio de Caixanova cunha estrutura semellante ao realizado no pasado ano 2013. A información irase actualizando no correspondente apartado da web. A coordinadora do mesmo é a profesora María Araújo Fernández. A Dirección agradece as tarefas realizadas.

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=519,0,0,1,0,0>

- Proximamente o Consello de Goberno aprobará o Calendario Académico para o curso 2014-2015, semellante ao do curso actual 2013-2014. Consultada esta Dirección enviouse a seguinte suxestión xustificada de modificación da proposta de calendario académico:

No punto 8 do citado calendario:

Onde di: “As datas, horario e se procede o lugar das probas de avaliación deberán ser recollidas na guía docente correspondente”

Podería dicir: “Na guía docente deberá figurar unha indicación de que as datas, horario e se procede o lugar das probas de avaliación poderán consultarse no apartado correspondente da páxina web do Centro”

- Enviouse un correo ao profesorado para que accedera á aplicación DOCNET para a elaboración das guías docentes das súas materias no apartado Acceso a Docnet da Secretaría Virtual. A data límite para completar o proceso por parte do profesorado da ETSE de Minas foi posto en principio para o 13 de Xuño. Revisáronse as guías docentes do curso actual 2013-2014 e detectáronse diversas deficiencias e erratas. Os coordinadores das materias recibiron no seu correo electrónico cuns ficheiros que recolle as mesmas, co rogo que sexan incluídas nas guías do curso 2014-2015.
- Creouse o apartado ADOPTA UNHA ÁRBORE que pretende poñer de manifesto o compromiso medio ambiental dos nosos titulados e por outra parte establecer unha relación viva de futuro dos nosos titulados coa súa escola e a súa universidade. A Dirección anima aos interesados a sumarse a esta iniciativa de acordo coas instrucións do apartado da páxina web. Contouse coa colaboración do Grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas da ETSE de Minas á cal a Dirección agradece o traballo realizado.

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=555,0,0,1,0,0>



3. Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión Académica do Master en Enxeñaría de Minas.

Propónse a substitución da Secretaria da CAMEM, a profesora Natalia Caparrini Marín, pola profesora María Araújo Fernández.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dita modificación.

A Dirección agradece o traballo realizado pola Secretaria saínte.

4. Aprobación, se procede, do nomeamento do Coordinador das Prácticas Externas para o curso 2014-2015.

Propónse a substitución do Coordinador das Prácticas Externas para o curso 2014-2015, o profesor Leandro Alejano Monge, polo profesor Javier Taboada Castro.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dito nomeamento.

A Dirección agradece o traballo realizado polo Coordinador saínte.

5. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de Traballo Fin de Grao na E.T.S. de Enxeñaría de Minas

Envíouse con antelación por correo electrónico e acompaña a esta acta no seu Anexo III. As modificacións, coordinadas por David Patiño Vilas, (en vermello no texto enviado) aparecen nos seguintes apartados

Artigo 7

Posterior á matrícula, deberase facer a proposta de TFG. Para dita proposta o alumno deberá presentar debidamente cuberto na Área Académica da Escola a solicitude de aprobación de título do TFG que se atopa nos Anexos deste regulamento. Dita proposta deberá ser aprobada pola Comisión Permanente da ETSE de Minas.

Artigo 9

A Comisión Permanente da ETSE de Minas deberá asignar director de TFG a todo o alumnado que non o teña e así o soliciten despois de ter formalizado a matrícula do TFG.

Artigo 13

O alumnado, unha vez rematada a realización do TFG, e co fin de formalizar o seu depósito, deberá entregar no Negociado de Asuntos Xerais da ETSE de Minas a seguinte documentación, co formato que se especifica nos Anexos deste regulamento:

- Solicitude de defensa e proposta de membros do tribunal asinada polos directores*
- Unha copia do TFG impresa en papel, encadernada en tapa dura de cor verde e coa portada seguindo o modelo indicado no Anexo.*
- Un CD adherido no interior da contra cuberta que conterá unha copia electrónica do TFG e unha copia electrónica do póster resumo do TFG en formato A4.*



Artigo 19

A defensa do TFG só poderá realizarse unha vez que o alumnado teña superado tódolos créditos restantes da titulación. A Comisión Permanente da ETSE de Minas establecerá un calendario académico para as defensas públicas dos TFG.

Excepcionalmente na quenda de Xullo, para maior flexibilidade nas datas, a comisión permanente poderá permitir a defensa do TFG ao alumnado que, tendo superadas todas as materias non estean aínda reflectidas no seu expediente académico. Esta concesión faise para permitir unha data de defensa anterior ao peche de actas de Xullo que habitualmente é tardío. Se finalmente o alumno non supera tódalas materias necesarias, aínda que superara a defensa do TFG a nota reflectida nas actas será de Non Presentado, e en ningún caso se lle gardará a nota recibida para futuras convocatorias.

Así como o Modelo de Póster Resumo que *inclúe agora o nome do Grao correspondente.*

A Xunta de Escola aproba por asentimento ditas modificacións.

Enviarase a normativa modificada á Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo.

6. Aprobación, se procede, das datas para as defensas dos Traballos Fin de Grao.

Con anterioridade a esta Xunta de Escola enviouse por correo electrónico a seguinte proposta de datas para as defensas dos Traballos Fin de Grao:

CONVOCATORIA DE XUÑO

- 16 de xuño de 2014: De 16:00 a 21:00 - Grao EE
- 17 de xuño de 2014: De 9:00 a 14:00 - Grao ERME

CONVOCATORIA DE XULLO

- 21 de xullo de 2014 - Grao ERME
- 22 de xullo de 2014 - Grao EE
- 23 de xullo de 2014 - Grao EE

A Xunta de Escola aproba por asentimento ditas datas.



7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

A Comisión de Garantía Interna de Calidade na súa reunión do 29 de maio aprobou os seguintes documentos que foron enviados con antelación aos membros da Xunta de Escola:

- Alegacións ao informe provisional da ACSUG do autoinforme de seguimento 12-13 do Grao en Enxeñaría da Enerxía por a Universidade de Vigo.
- Alegacións ao informe provisional da ACSUG do autoinforme de seguimento 12-13 do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos por a Universidade de Vigo.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar ditos documentos, que se achegan como Anexo IV a esta acta.

8. Rogos e preguntas.

O profesor Leandro Alejano Monge agradece o apoio da ETSEM ao congreso EUROCK2014 (Simposium Europeo de Mecánica de Rocas).

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 35 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a dous de xuño de dous mil catorce.

Vº e Prace

O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrió

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 02/06/2014



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 02/06/2014



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 02/06/2014

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrió
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Alonso Prieto, Elena
5.	Álvarez Vázquez, Lino José
6.	Araújo Fernández, María
7.	Arias Sánchez, Pedro
8.	Barrionuevo Giménez, Rafael
9.	Cabeza Simó, Marta
10.	Carrillo González, Camilo José
11.	García Bastante, Fernando
12.	González Rodríguez, Elena
13.	López-Cancelos Ribadas, Rubén
14.	Mandado Vázquez, Alfonso M.
15.	Patíño Vilas, David
16.	Pérez Pérez, Mª Carmen
17.	Rivas Brea, Teresa
18.	Saavedra González, Ángeles
19.	Taboada Castro, Javier
20.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Alonso Sanmartín, Uxía
2.	Carrillo Pérez, Rosalía
3.	Faro Malvar, Diego
4.	García Iglesias, Jaime
5.	González Méndez, Patricia
6.	Lema Costa, Nerea
7.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
8.	Rodríguez Hermida, Carolina
9.	Rodríguez López, Álvaro
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, Mª del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	52
Asistentes	30

Excusan su asistencia:

- Dona Luisa Álvarez Zaragoza
- Don Eduardo Liz Marzán



ANEXO III
Normativa TFG modificada.



ANEXO IV

Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.